


POLÍTICAS WEB CORPORATIVAS

Políticas de uso de servizos web 2.0



DATOS DO DOCUMENTO

Políticas de uso de servizos web 2.0

DATA DE CREACIÓN	16/09/2010
OBXECTO	Políticas de uso de servizos web 2.0

REXISTRO DE CAMBIOS

VERSIÓN	MOTIVO DO CAMBIO
20100916	Publicación do documento
20110518	Actualización das propostas gráficas de servizos web 2.0

Índice

1 PRESENTACIÓN	5
2 SERVICIOS DE OPINIÓN E PARTICIPACIÓN	7
2.1 Definición	7
2.2 Obxectivos.....	7
2.3 Riscos e recomendacións	7
3 REDES SOCIAIS	9
3.1 Definición	9
3.2 Obxectivos.....	9
3.3 Riscos e recomendacións	9
4 BLOGS	11
4.1 Definición	11
4.2 Obxectivos.....	11
4.3 Riscos e recomendacións	12
5 WIKI	13
5.1 Definición	13
5.2 Obxectivos.....	13
5.3 Riscos e recomendacións	13
6 MARCADORES SOCIAIS	15
6.1 Definición	15
6.2 Obxectivos.....	15
6.3 Riscos e recomendacións	15
7 SERVICIOS DE INTEROPERABILIDADE	16
7.1 Definición	16
7.2 Obxectivos.....	16
7.3 Riscos e recomendacións	16
8 RSS E AGREGADORES	17
8.1 Definición	17
8.2 Obxectivos.....	17
8.3 Riscos e recomendacións	17
9 TECNOLOXÍA MASHUP	18
9.1 Definición	18
9.2 Obxectivos.....	18
9.3 Riscos e recomendacións	18
10 PODCAST, BIBLIOTECAS DE AUDIO E VÍDEO	19

10.1	Definición	19
10.2	Obxectivos.....	19
10.3	Riscos e recomendacións	19
11	WEB SEMÁNTICA	21
11.1	Definición	21
11.2	Obxectivos.....	21
11.3	Riscos e recomendacións	21
12	PERSONALIZACIÓN DE PORTAL	22
12.1	Definición	22
12.2	Obxectivos.....	22
12.3	Riscos e recomendacións	22
13	RESUMO DE SUXESTIÓNS E DIRECTRICES	23
13.1	Suxestións	23
13.2	Directrices	23
14	ACCESO E IDENTIDADE GRÁFICA PARA SERVIZOS WEB 2.0.....	27
14.1	Acceso a servizos web 2.0 dende portais da Xunta.....	27
14.2	Principios xerais para o nomeamento dos servizos e/ou canles	27
14.3	Criterios para os identificadores.....	28
14.4	Referencias do Manual de Identidade aplicadas para este documento	29
14.5	Uso en <i>blogs</i> da Xunta.....	29
14.6	Uso en contas <i>Twitter</i>	31
14.7	Uso na rede social <i>Facebook</i>	32
14.8	Uso en canles de <i>YouTube</i>	33
14.9	Uso en contas <i>Flickr</i>	34
14.10	Uso en contas <i>Slideshare</i>	35


1 PRESENTACIÓN

Web 2.0

conceptualiza o uso da Internet coma soporte de actividades en rede que fomenten a relación, comunicación e cooperación entre as persoas usuarias

Podemos atopar variadas definicións de web 2.0 asociadas a diferentes conceptos: software social, redes sociais, webs participativas, contidos xerados polas persoas usuarias..., cada un dos cales amosa diferentes dimensións do concepto. Neste documento empregárase o **termo web 2.0** asociado ao concepto de explotar a Internet para dar soporte ás actividades en rede que fomenten a relación, comunicación e cooperación das usuarias e dos usuarios coma cidadáns e coma clientes dunha Administración pública.

Ademais propónse unha descrición máis instrumental máis axeitada para o obxectivo último do documento: a web 2.0 coma a composta por un conxunto de tecnoloxías, de aplicacións e de valores:



Baixo estas premisas a Administración pública comeza a empregar servizos asociados á web 2.0 naqueles aspectos onde ofrece valores engadidos respecto á tecnoloxía e aos servizos web tradicionais:

A nivel organizativo	En relación co cidadán
Traballo en grupo	Transparencia
Interoperabilidade	Provisión de servizos
Xestión do coñecemento	Participación

E aínda que o debate sobre o emprego deste tipo de tecnoloxías por parte da Administración pública está centrado fundamentalmente nos aspectos de **participación dos cidadáns** non é menos interesante, e incluso con maior potencial de cambio sobre o funcionamento da Administración, o seu **uso masivo a nivel interno** para facilitar contornos de traballo máis funcionais e áxiles fronte ás tradicionais organizacións xerárquicas.

Este novo conxunto de ferramentas vai influír decisivamente no xeito de relación entre profesionais, dentro dunha organización, e tamén como estes se relacionan coa cidadanía e como se presenta unha Administración pública ante ela. Así ábrese a



SUXESTIÓN 1

Débese priorizar a posta en marcha de servizos de participación e cooperación dentro da organización, dentro da Xunta, incluso antes da súa posta a disposición da cidadanía

posibilidade de chegar respostas inmediatas ás persoas usuarias co valor engadido de que a información que se ofrece pode resultarlle útil a outras persoas en situación semellante, encamiñando o tráfico de navegación cara os portais institucionais onde se pode información máis profunda e ampliada.

Do mesmo xeito cando unha unidade organizativa ou departamento comece a poñer en marcha iniciativas baseadas en servizos web 2.0 é importante ter en conta os procesos de integración dos mesmos coma, por exemplo, integrar as contas corporativas de redes sociais (*Facebook, Twitter, Tuenti...*), dentro dos portais corporativos ou dos *blogs* a través de *widgets*, facilitando con elo a promoción en rede e a retroalimentación tanto das diferentes iniciativas coma dos seus contidos.

2 SERVIZOS DE OPINIÓN E PARTICIPACIÓN

2.1 Definición

Servizo que permitirá ás persoas usuarias opinar, suxerir ou propoñer sobre contidos, calidade de servizos ou incluso historias persoais relacionadas cos contidos e servizos que ofrecen os departamentos da Xunta a través dun portal e compartilas co resto de visitantes.

Son varios os niveis de implantación deste tipo de servizos: dende os máis simples que serían aqueles que permitan **valorar e votar os contidos**, pasando por aqueles que permitan **inserir comentarios** coma, por exemplo, o portal *060.es* da Administración do Estado, ata a creación de **portais específicos** que permitan a participación efectiva das e dos cidadáns a través de opinións, suxestións, críticas, achegas, consultas...

Todos eles teñen en común que os contidos considerados interesantes (aqueles que máis concentran a atención dos visitantes) destaquen sobre o resto dos publicados nun período de tempo, nun medio ou sobre un tema determinado.

2.2 Obxectivos

- » Permitir á cidadanía participar, baixo as diferentes modalidades (votacións, achegas de contidos, sindicación...) nun portal dependente da Xunta
- » Implicar á cidadanía nos modelos de xestión da Xunta ou de calquera das súas distintas unidades organizativas
- » Incrementar a transparencia na xestión da Administración galega
- » Coñecer, de primeira man, o impacto que teñen nas e nos cidadáns as distintas medidas que a Administración pon en marcha

2.3 Riscos e recomendacións

- » Risco elevado de perda de control da información e dos contidos publicados no portal se se abren á participación das persoas usuarias
- » Necesidade de incrementar os esforzos de xestión da participación dos mesmos sexa cal sexa a modalidade do tipo de servizo que se poña en marcha (enquisas, votacións, opinións e comentarios...)
- » A posta en marcha dun servizo deste tipo debe vir acompañada do correspondente esforzo ou mobilización de recursos en función do modelo de participación:
 - Servizos automatizables e non abertos a opinións libres coma enquisas ou votacións son facilmente implantables e non requiren apenas esforzos adicionais excepto aqueles relacionados coa renovación da correspondente cuestión que se propón



DIRECTRIZ 1

↘ *Os servizos nos que o contido non é aportado libremente pola persoa usuaria (coma enquisas, votacións...) poden ser **automáticos** e non requirir intervención de xestión, control ou monitorización*



DIRECTRIZ 2

↘ Os servizos nos que as persoas usuarias poden publicar contido propio (comentarios, opinións...) deben ser, en calquera caso **intermediados** ou levar asociado algún tipo de protocolo de control



DIRECTRIZ 3

↘ Os comentarios deben ser intermediados en canto a súa **pertinencia**, **respecto** e evitando aqueles con **información publicitaria**



SUXESTIÓN 2

↘ Recoméndase informar ao autor/a dun comentario dos **motivos polos cales o seu comentario non vai ser publicado**

- Tamén a posibilidade de syndicar contidos é un servizo de utilidade que ten un impacto menor en canto a posibilidades de instrusismo ou contidos non axeitados. En xeral, podería ser incorporado a calquera contido publicado
 - Servizos abertos, coma opinións ou comentarios, deben levar obrigatoriamente asociados algún tipo de control para evitar calquera dislate tanto no contido publicado coma nas formas en que se fan os mesmos
- » Os comentarios deben intermediarse en base á súa **pertinencia**, que estean relacionados co contexto no que son publicados; o **respecto**, evitando a publicación de aqueles que empreguen unha linguaxe ofensiva ou que non teñan en conta a privacidade das persoas; e que se trate de **mensaxes publicitarias ou de promoción**
- » Recoméndase, se é posible, informar ao autor/a do comentario os motivos polos cales o comentario que achegou non vai ser publicado

3 REDES SOCIAIS

3.1 Definición

As redes sociais son servizos web que permiten ás persoas usuarias construír un perfil público dentro do portal e articular as súas relacións con outras e outros usuarios da mesma, de xeito que calquera que o desexe poida acceder ao seu perfil e contactar e relacionarse con el ou ela. Deste xeito habilítanse canles de información interpersoal onde o principal elemento é a relación entre visitantes de necesidades, demandas de información ou perfís semellantes.

No contexto da Xunta pode ser útil a participación dunha unidade organizativa nunha rede social ou a creación das mesmas en contornos profesionais. Neste último caso orientado fundamentalmente á difusión do coñecemento (localización de expertos, resolución de dúbidas, compartir información...).

As redes sociais públicas de propósito máis xeral, que conteñen cunha finalidade concreta e onde cada persoa usuaria dálle a orientación que desexa son de menor utilidade, aínda que deba ser avaliada a súa función orientándoa á xerar comunidade ao redor de perfís ou colectivos específicos coma, por exemplo, emigrantes e/ou familias de emigrantes, no ámbito da saúde (doentes coa mesma enfermidade), no ámbito das adopcións internacionais para que as nenas e os nenos poidan manter vínculos entre eles...

3.2 Obxectivos

- » Facilitar e xerar unha nova canle de relación e comunicación entre as persoas usuarias ou entre eles e os profesionais da Administración
- » Promover a creación de redes de persoas usuarias para determinados colectivos e/ou determinados servizos
- » Converterse nunha ferramenta facilitadora da xestión do coñecemento e da creación de comunidades de prácticas a nivel de portal intranet

3.3 Riscos e recomendacións

- » Existe un importante risco no sentido de que aínda que achegan oportunidades de relación entre as e os cidadáns e entre estes e a Administración tamén están abertas á controversia e á confusión entre a esfera profesional e persoal. A creación de usuarios xenéricos de, por exemplo, unha unidade organizativa debería minimizar este impacto.
- » En xeral hai que ter en conta que dende a participación corporativa en redes sociais non se deben emitir opinións persoais, e os argumentos e comentarios que se acheguen por parte dos seus coordinadores deben ir de acordo cos contidos e directrices globais da unidade organizativa á que se pertenza. Isto non debe ser de aplicación cando se trata de participacións realizadas a título individual. Relacionado con isto último lembrar que non se



DIRECTRIZ 4

↘ *A posta en marcha ou a participación nunha rede social debe implicar, ademais do correspondente control e monitorización do contido que apareza, dun seguimento e implicación continuada do departamento que a promova*



DIRECTRIZ 5

↘ *Débese evitar a personalización en profesionais ou traballadores/as concretos a participación dunha rede social promovida por unha unidade organizativa*

**DIRECTRIZ 6**

» Está **prohibido** **empregar a conta de correo electrónico corporativo para participación a título individual en redes sociais non promovidas pola Xunta**

**DIRECTRIZ 7**

» Débense de **evitar as opinións persoais e os argumentos e comentarios deben ir liña coa información institucional que se difunda**

**DIRECTRIZ 8**

» O **tono a empregar deberá ser sempre cordial** con especial coidado en escoitar e dar respostas axeitadas ás necesidades da cidadanía

**DIRECTRIZ 9**

» A unidade organizativa promotora da rede social debe **intermediar a publicacións dos comentarios ou contidos publicados na mesma por terceiras persoas**

debe empregar o correo electrónico corporativo para rexistrarse en plataformas ou redes sociais en páxinas de redes sociais alleas á Xunta

- » O tono de comunicación e conversación a aplicar deberá ser sempre cordial xa que debe estar orientada á cidadanía tentando de escoitar ás persoas e dar respostas axeitadas ás súas necesidades.
- » Son especialmente útiles para determinados colectivos que terían o seu elemento vinculante ao redor dun servizo ou unha unidade organizativa coma emigrantes/inmigrantes, persoas con algún tipo de discapacidade ou enfermidade, familias con adopcións internacionais, persoas usuarias de cursos de formación...
- » A incorporación dunha persoa usuaria a unha rede social promovida por unha unidade organizativa da Xunta debe ser xestionada integramente polo propio departamento impulsor
- » A creación de contas corporativas en plataformas de redes sociais deben identificar, do xeito máis univocamente posible, a súa pertenza á Xunta de Galicia tanto na súa denominación coma dende o punto de vista visual.
- » No caso da rede social *Facebook*, que ofrece diferentes opcións en función de se trata dunha persoa usuaria a nivel individual, se representa unha institución ou negocio ou a un grupo de xente, pódese escoller entre crear un perfil, unha páxina ou un grupo. A páxina é o tipo de presenza que se debe empregar para unha unidade organizativa ou departamento da Xunta xa que a propia plataforma *Facebook* outórgalle un carácter diferencial para distinguilas das páxinas persoais. A participación a través dun perfil estaría incumplindo as normas da propia plataforma
- » A presenza en *Twitter* dun departamento ou unidade organizativa debe estar rixida pola responsabilidade e veracidade dos contidos que se publican xa que moitos deles poden ser especialmente relevantes ou sensibles (emerxencias, consultas, novidades...). Como pode ser difícil distinguir unha conta oficial dunha falsa, a plataforma ofrece o servizo de conta verificada, que consiste en colocar un dispositivo naquelas contas cuxa autenticidade podeuse ter comprobada
- » A presenza en *Facebook*, *Twitter* ou plataformas semellantes dun departamento ou unidade organizativa debe ser solicitada, visada e autorizada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) a través da Oficina Web (oficina.web@xunta.gal)
- » Ademais, a nivel de portal intranet, as redes son especialmente axeitadas para facilitar a xestión e difusión de coñecemento dentro da organización xa que permite xerar grupos de especialistas concretos ou expertos/as nas distintas disciplinas e áreas de coñecemento así coma relacionarse entre elas e eles por parte de calquera outro/a profesional
- » A creación dunha canle nunha rede social debe levar asociada unha conta de correo electrónica de contacto pertencente ao dominio *xunta.gal* (*@xunta.gal*), preferiblemente xenérica e non nominal (ligada a uns nomes e apelidos concretos)

4 BLOGS

4.1 Definición

Un **blog** é un servizo web que facilita a publicación sistemática e continua de páxinas a xeito de diario e que está caracterizado pola súa facilidade de uso, a trazabilidade do publicado, a posibilidade de recibir comentarios dos visitantes e a organización dos contidos de forma cronolóxica e/ou temática.

Convértese nunha ferramenta de comunicación de un/unha a moitos, entendida a unicidade coma unha persoa ou tamén un grupo de traballo, unha institución ou unha unidade organizativa.

Na contorno da Administración o blog poderíase converter nunha ferramenta útil para construír páxinas que teñan coma propósito comunicar información, opinión e/ou difusión de coñecemento a través dun portal ou en si mesmo.

A principal diferenza con respecto a outras páxinas e portais é o seu aloxamento do ton institucional e formal cara un ton máis coloquial que pretende facilitar e estimular a opinión polo que, en xeral, é mellor aceptado e ten maior éxito entre as persoas usuarias.

En función da súa temática ou obxectivo os blogs poderían ser:

- » **Blogs políticos.** Para uso de cargos de natureza política (Presidente, conselleiros/as, directores/as xerais...)
- » **Blogs técnicos.** Relacionados coa difusión dun determinado coñecemento ou área de coñecemento: de especialistas (veterinarios/as, técnicos medioambientais, sanitarios/as, técnicos/as de emprego...)
- » **Blogs profesionais.** Orientados á difusión de información significativa que facilite a difusión de coñecemento dentro da organización, tanto dende un punto de vista de transmisión de novas e actualidade, temáticos ou incluso de comunidade.

4.2 Obxectivos

- » Gañar axilidade na publicación continuada de información específica sen necesidade de ningún tipo de intermediación
- » Xerar canles de relación menos formais que o emprego dun portal máis institucional
- » Permitir a expresión e a difusión de coñecemento e experiencias por parte das e dos profesionais
- » Facilitar a participación das persoas usuarias e lectores dos blog a través de comentarios aos post publicados
- » Xerar redes de coñecemento a través de ligazóns, comentarios, interrelacións entre blog...



DIRECTRIZ 12

» A posta en marcha dun blog debe significar o compromiso de **actualización permanente** ou, en caso de non poderse facer, da súa desaparición



DIRECTRIZ 13

» Se o blog está aberto aos comentarios das persoas usuarias debe cumprir a **Directriz 2**

4.3 Riscos e recomendacións



DIRECTRIZ 14

- » **A calidade dos contidos** publicados no blog debe ser garantida do mesmo xeito a como é tratada a información publicada nun portal institucional



SUXESTIÓN 3

- » Recoméndase facilitar a lectura dos contidos publicados mantendo as **estruturas estándar deste tipo de publicacións**: títulos significativos, resumo de ideas principais, parágrafos curtos...



DIRECTRIZ 15

- » Se se empregan imaxes de acompañamento deben ser **respectuosas** e o contribuidor debe ter os seus **dereitos de publicación** ou ben **estar liberadas** dos mesmos



SUXESTIÓN 4

- » Os contidos dun blog deben ser publicados preferentemente en **galego**

- » Un dos principais riscos sería o relacionado coa falta de actualización dos contidos por parte dun blog promovido dende a Xunta e, sobre todo, se o blog é un dos caracterizados coma políticos debido á súa, probablemente, maior repercusión social. Neste senso recoméndase publicar unha entrada, como mínimo, cada semana ou semana e media de xeito que se poida deixar tempo para o debate ou a participación das persoas usuarias. En xeral recoméndase non promover un blog sempre que non se teña a total seguridade de que vai ter unha actualización constante
- » É máis importante a calidade do contido a publicar que a cantidade do mesmo: a responsabilidade da calidade dos contidos recae na unidade organizativa responsable do blog así coma tamén é responsabilidade súa o inserimento de comentarios por parte dos visitantes
- » Débese evitar converter o blog nunha axenda de eventos previstos nin de previsións de actividades. Máis ben debe ser o contrario: narrar crónicas ou enfoques sobre eventos xa celebrados son contidos que atraen a visitantes, sobre todo a aqueles que participaron no mesmo
- » Na publicación dos post é importante respectar as directrices globais da unidade organizativa debendo estar relacionados os contidos coa actividade do departamento, poñendo foco en temas que sexan de interese preferente para a cidadanía ou incentiven o debate
- » Debe facilitarse a lectura do contido que se publica tentando respectar as estruturas comúns deste tipo de publicacións: títulos suficientemente informativos, parágrafos breves, uso de entradas para resumo das ideas principais, ligazóns a outros portais que aclaren ou amplien conceptos complexos...
- » Se se empregan imaxes de acompañamento deben ser respectuosas (non sexistas, agresivas, de mal gusto...) e debe haber un control sobre o seu dereito de propiedade intelectual. Recoméndase o emprego daquelas que estas libres de dereitos (licenzas *Creative Commons*)
- » O desenvolvemento dun blog, sobre todo os de natureza política, debe ter en conta de que se se abre a comentarios e opinións das e dos usuarios deben ser xestionados con protocolos indicados en **2 Servizos de opinión e participación**
- » Os blogs de calquera unidade organizativa deben redactarse de forma preferente en galego. Isto sen prexuízo de que se fagan versións dos contidos noutros idiomas

5 WIKI

5.1 Definición

Unha **wiki** é un servizo web caracterizado por permitir a edición colaborativa, é dicir, ser construída de forma conxunta por varios/as autores/as. As súas entradas están en permanente revisión e abertas a grupos de usuarios autores/editores máis ou menos amplos. Ademais contan cunha serie de funcionalidades que as converten en ferramentas seguras e fáciles de xestionar coma o manter un historial de cambios onde se pode consultar (e desfacer) as modificación realizadas ou propostas polas distintas persoas usuarias.

Os elementos máis comúns dentro dunha wiki son:

- Artigos ou entradas: constitúen as páxinas do contido principal
- Módulo de edición para modificar o contido dun artigo
- Páxinas de discusión para o intercambio de opinión sobre os artigos entre os membros da comunidade
- Historial de cambios que permite ver e desfacer os cambios realizados á entrada da wiki
- Motor de busca no seu contido

5.2 Obxectivos

- » Permitir a participación das persoas usuarias na creación e edición de contidos
- » Facilitar a creación e difusión de coñecemento fundamentalmente a través da intranet ou para determinados servizos do portal
- » Proporcionar as funcionalidades necesarias para a elaboración de guías de recursos creadas polos propios profesionais

5.3 Riscos e recomendacións

- » É necesario clarear os obxectivos da wiki xa que diso dependerá o aspecto máis importante como é a quen se lle vai permitir a participación e a edición dos contidos
- » Pódese converter nunha ferramenta básica para a construción de produtos concretos (fundamentalmente documentos e textos) que esixan a intervención de varios profesionais polo que parece que terían máis utilidade nun contorno intranet: ferramenta de colaboración, guías e manuais, monitorización na xestión de proxectos, actividades de *brainstorming*, soporte de manuais de benvida para novos profesionais ou calendario ou organización de reunións.
- » Débense habilitar mecanismos de protección que eviten o borrado accidental (ou intencionado) dos contidos



DIRECTRIZ 16

» A posta en marcha dunha wiki promovida dende un departamento debe vir acompañada dos mecanismos necesarios para garantir a **calidade do seu contido**

- » No caso de tratárense de wikis abertas a persoas usuarias alleas, ademais do anterior é necesario establecer mecanismos de control de calidade do contido
- » En relación coa cidadanía é necesario orientar a estratexia e obxectivos que se perseguen coa súa creación. O máis importante é a avaliación de se vai existir suficiente participación das persoas usuarias para evitar o maior risco desta iniciativa: a falta de actualización e participación
- » No caso de poñerse en marcha sería necesario habilitar protocolos de xestión e control dos contidos, tanto pola súa calidade, pero tamén para evitar a publicación de contido non axeitado

6 MARCADORES SOCIAIS

6.1 Definición

Os **marcadores sociais** facilitan o almacenamento compartido de ligazóns favoritas dunha persoa usuaria. Este tipo de servizos facilitan, ademais, a posibilidade de que os visitantes nomeen con etiquetas (*tags* ou palabras chave) e comentarios para describir o portal ao que fan referencia. As funcionalidades sociais deste servizo están baseadas no feito de que as persoas usuarias poidan establecer entre si relacións para permanecer en contacto, descubrir outras e outros usuarios con intereses similares, recomendar ligazóns...

6.2 Obxectivos

- » Xerar selección de ligazóns a recursos de calidade categorizadas por temas, públicos obxectivo ou calquera outra clasificación para que, a nivel interno ou para a cidadanía, as persoas usuarias poidan acceder a información relacionada coa Administración galega
- » Crear xuntos aos contidos que integren ligazóns relacionadas co contido principal dunha páxina e co que compartan etiquetas (*tags*).
- » Fortalecer a creación e desenvolvemento de comunidades, profesionais, cidadáns ou mestura de ambas, con intereses comúns ou especializadas en ámbitos concretos

6.3 Riscos e recomendacións

- » Os propostos por persoas usuarias alleas á organización deben ser intermediados para evitar usos non axeitados do servizos. En calquera caso só poderían facer a proposta persoas usuarias correctamente rexistradas
- » Dentro da organización deberían poder crear ou propoñerese con liberdade e adaptándose ao etiquetado estándar que recolle a taxonomía corporativa da Xunta ou do propio departamento
- » En xeral é un servizo de maior interese a nivel interno da organización e de uso máis ocasional cara o exterior, e case sempre asociado a comunidades ou redes sociais



DIRECTRIZ 17

↳ O uso de marcadores sociais debe estar restrinxido a **persoas usuarias convintemente rexistradas** e debe ser xestionado para evitar usos non axeitados do servizo



DIRECTRIZ 18

↳ O **etiquetado** dos marcadores debe realizarse de acordo coas distintas ponlas da **taxonomía corporativa** da Xunta

7 SERVIZOS DE INTEROPERABILIDADE

7.1 Definición

Conxunto de servizos que buscan a integración e o compartir información e datos procedentes de distintas fontes interconectadas entre si: plataformas de negocio, xestores de contidos, xestores documentais...

Pódense distinguir varios niveis de interoperabilidade: *semántica*, orientada a asegurar que o significado da información que se intercambia sexa compartida con outros recursos de información; *organizacional*, que busca facilitar a transversalidade da organización fronte a súa estrutura xerárquica e que significa habilitar procesos internos compartidos entre unidades organizativas máis ou menos separadas; e *técnica*, que cubre os requirimentos hardware e software necesarios para interconectar plataformas tecnolóxicas incluíndo aspectos coma interfaces abertas, servizos web de conectividade, integración e presentación de datos...



DIRECTRIZ 19

Os portais da Xunta deben dispoñer ou permitir o desenvolvemento de **servizos de interoperabilidade** que permitan garantir a funcionalidade de compartir contidos ou servizos con outros portais da rede da Xunta

7.2 Obxectivos

- » Fomentar e propiciar a circulación da información entre os distintos sistemas tecnolóxicos existentes: entre Consellerías, entre unidades organizativas dentro das Consellerías, entre portais das Consellerías e o portal corporativo...
- » Dispoñer duns estándares comúns para permitir a exportación e importación de datos procedentes de distintos sistemas tecnolóxicos que permitan a súa publicación web

7.3 Riscos e recomendacións

- » Faise necesario definir e dispoñer dun modelo de requirimentos sobre como as aplicacións deberán ser construídas, como se desenvolverán os compoñentes e servizos, e sobre todo como poderán interactuar con todos os demais sistemas de información cos que se conta. Isto supón un importante esforzo de coordinación e estandarización a nivel da Xunta ou dentro das distintas unidades organizativas
- » É necesario, igualmente, dispoñer dunha serie de estándares e formas de comunicación preestablecidas que faciliten o fluxo de información e permita a evolución natural cara a tecnoloxías que, a día de hoxe, xa están incorporadas
- » É necesario que a integración e categorización da información que se xera estea inserida dentro das categorías da taxonomía corporativa da Xunta
- » Outro aspecto importante a desenvolver é a posibilidade de interoperar con outras Administracións para dar servizos máis integrados á cidadanía, fundamentalmente coa Administración local.

8 RSS E AGREGADORES

8.1 Definición

A sindicación de contidos é unha das pezas chave da web 2.0 e unha das máis importantes se temos en conta o seu uso polas persoas usuarias. O concepto básico está na posibilidade da difusión de contidos clasificados en canles e publicados por unha tecnoloxía web, empregando para facelo un estándar que permita ser lido polos lectores axeitados.

A sindicación de contidos presenta importantes vantaxes fronte á difusión por correo electrónico, vía listas de distribución. Unha das máis importantes é que se evita o *spam*, uso indebido do correo electrónico. O formato, ademais, é máis flexible xa que a presentación depende, en gran medida, de como queira velo o visitante final. A consulta de novidades é realizada pola persoa usuaria cando o necesita ou desexa e non cando lle chegue a mensaxe de correo electrónico. Tamén os procesos de subscripción ou anulación son rápidos e anónimos.

A capacidade de crear canles RSS é esencial para poder personalizar a oferta de información que se desexa recibir o que facilita a xestión das novidades. Tamén a posta en marcha de ferramentas coma agregadores RSS permiten a unha persoa usuaria xestionar diferentes fontes ou canles para seren consultados de xeito integrado.

8.2 Obxectivos

- » Explotar o servizo de xeración de RSS para a difusión da publicación da maioría dos tipos de contidos que se publiquen no portal

8.3 Riscos e recomendacións

- » O uso de RSS a través dos sistemas de xestión de contidos está xa practicamente estandarizado para o que sería necesario implantar diferentes canles en función da taxonomía do portal e ampliar o número de tipos de contidos que se poidan syndicar
- » Todos os portais da Xunta deberían incorporar RSS para todos aqueles contidos estruturados de actualización continuada. Isto, ademais, sería un vehículo que permitiría compartir contidos entre portais



DIRECTRIZ 20

Os portais da Xunta deben ofrecer **servizos de sindicación RSS** para contidos estruturados de actualización continuada

9 TECNOLOXÍA MASHUP

9.1 Definición

A **tecnoloxía *mashup*** está estreitamente relacionada cos servizos de interoperabilidade. Trátase dunha tecnoloxía capaz de integrar contidos procedentes de fontes diversas para achegar unha información integrada á persoa usuaria sen obrigarlle a visitar diferentes portais, distintos servizos ou distintas URLs. É a aplicación baseada no mashup, non a persoa usuaria, quen realiza a síntese e integración dos datos para xestionar a súa complexidade e diversidade.

9.2 Obxectivos

- » Permitir integrar información e contidos procedentes das aplicacións corporativas da Xunta sen ter que desenvolver servizos web específicos
- » Axilizar os procesos de publicación en portais de datos procedentes de fontes heteroxéneas de información (datos estruturados e non estruturados, internos ou externos)
- » Simplificar os procesos de extracción de información e a súa categorización para que entre os circuitos de publicación en calquera dos portais da Xunta

9.3 Riscos e recomendacións

- » Implica a implantación ou desenvolvemento *ad hoc* dunha solución de mashup. Porén axiliza os procesos de integración de información xa que traballa a nivel de datos estean ou non estruturados
- » Maximiza a explotación de información residente en calquera sistema corporativo independentemente da tecnoloxía sobre a que estea desenvolto
- » É unha tecnoloxía emerxente bastante contrastada a nivel de xestión de datos (simples, basicamente numéricos...) pero pouco para xestión de contidos (máis complexos, menos estruturados, con problemas asociados á combinación de textos e gráficos...)
- » Podería converterse nunha alternativa para a integración e interoperabilidade de contidos e servizos dentro da rede de portais da Xunta



SUXESTIÓN 5

» O uso tecnoloxía *mashup* é recomendable para a **publicación de datos estruturados e estandarizados**

10 PODCAST, BIBLIOTECAS DE AUDIO E VÍDEO

10.1 Definición

A popularización dos dispositivos dixitais e o incremento da dispoñibilidade da banda larga posibilitan que se poidan crear, de xeito áxil, obxectos multimedia para difundir ou compartir. Este tipo de servizos acadan o seu maior aproveitamento cando se integran en funcionalidades sociais, tales coma compartir con outras persoas usuarias, votar ou avaliar, comentar...

De calquera xeito poderíanse definir dous modelos de uso dentro da Administración: por unha banda coma ferramenta de difusión de coñecemento (producidos nunha contorna próxima á formación) e, por outra banda, e tamén relacionado, como vehículo de relación entre profesionais (os obxectos multimedia son creados e producidos polos propios profesionais). A posta en marcha de repositorios multimedia compartidos significa, para a Xunta, ter en conta os seguintes aspectos:

- Dispoñer da suficiente capacidade tecnolóxica para a creación e produción de contidos
- Elaborar unha estratexia de uso e publicación
- Establecer as normas de reutilización de obxectos

10.2 Obxectivos

- » Regular o uso de obxectos multimedia (vídeo, son, presentacións, animacións...) dentro da organización tanto a nivel de repositorio coma en difusión de *streaming*
- » Desenvolver as infraestruturas tecnolóxicas necesarias para a explotación deste tipo de contidos para o conxunto da organización coma un servizo horizontal
- » Facilitar o emprego deste tipo de obxectos multimedia tanto por parte da organización (formación, difusión de coñecemento) coma por parte dos profesionais (compartir experiencias, consultas de casos...)
- » Permitir a asistencia virtual, tanto en directo coma en diferido, a calquera tipo de evento organizado pola Xunta: cursos, conferencias, seminarios, eventos, presentacións...

10.3 Riscos e recomendacións

- » Necesita un desenvolvemento de infraestruturas tecnolóxicas, recursos hardware e largo de banda e de recursos humanos especializados para facilitar a publicación cunha calidade axeitada



SUXESTIÓN 6

» Os contidos multimedia que se publiquen por parte dun departamento da Xunta debería facelo baixo licenzas **Creative Commons**



DIRECTRIZ 21

» Os servizos multimedia que se publiquen nun portal deben **independizarse** dos servizos do portal para non sobrecargalo e que perdan funcionalidades para o/a cidadán

**DIRECTRIZ 22**

↘ Os servizos multimedia que se publiquen nun portal deben, na medida do posible, aproveitar as **infraestruturas horizontais** da Amtega

**DIRECTRIZ 23**

↘ A creación de **contas en plataformas específicas** coma YouTube, Flickr, Slideshare... debe ser visada e autorizada pola Amtega a través da Oficina Web

- » Existen diferentes alternativas a ter en conta pero recoméndase ou implantar unha solución horizontal ou empregar operadores especializados en lugar de desenvolver distintas infraestruturas para unidades organizativas diferentes
- » En función de diversos parámetros (intervención de terceiros, usos...) habería que considerar aspectos de dereitos de autor. Sempre que sexa posible deberíanse de publicar baixo licenza *Creative Commons*.
- » A participación da cidadanía neste tipo de repositorios, a priori, non debería ser considerado aínda que si a publicación de obxectos multimedia dende o colectivo profesional á sociedade (vídeos divulgativos, vídeos especializados orientados a medios de comunicación...)
- » No caso de utilizar plataformas específicas, coma *YouTube*, *Flickr*, *Slideshare* ou semellantes, a creación dunha conta corporativa debe ser visada e autorizada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) a través da Oficina Web (oficina.web@xunta.gal). A posibilidade de incorporar comentarios debe ser evitada e se fai debe cumprir as directrices xa mencionadas sobre os mesmos

11 WEB SEMÁNTICA

11.1 Definición

A catalogación e categorización dos grandes volumes de información que se poden xestionar na Xunta é a base conceptual para a explotación dos servizos relacionados coa web semántica dentro dos portais. Ambos procesos son necesarios para poñer a disposición da cidadanía toda a información e servizos susceptible de ser consultada dun xeito accesible e ordenado.

A catalogación leva asociada tanto a necesidade de identificar tipos de contido coma a definición dos campos dos que están compostos e que facilitan a localización da información. A categorización permite a clasificación da información agregando en categorías os contidos en base a unha taxonomía global (taxonomía corporativa) ou local (taxonomía de unidade organizativa).



DIRECTRIZ 24

» Os contidos publicados nos portais deben ser **categorizados baixo criterios semánticos** e a través dos termos que forman parte da taxonomía corporativa ou con aqueles que poidan ser integrados na mesma



DIRECTRIZ 25

» A taxonomía propia dun portal debe servir para **construír sistemas de navegación** máis acaídos á persoa usuaria

11.2 Obxectivos

- » Facilitar o etiquetado de calquera contido que vaia formar parte dun portal da Xunta dun xeito descritivo que facilite o acceso, busca e consulta de información por parte de calquera persoa usuaria
- » Xerar sistemas de navegación baseados en conceptos facilmente entendibles polas persoas usuarias e alonxadas dunha navegación baseada na propia organización dunha Consellería ou da Xunta
- » Garantir a escalabilidade e crecemento en volume da información sen perder flexibilidade, rigor e facilidade de localización da mesma a través do esqueleto común que é a taxonomía
- » Permitir e axilizar os procesos de interoperabilidade e de compartir información entre sistemas tecnolóxicos, colectivos, unidades organizativas..., para asegurar a existencia de procedementos transversais de circulación de contidos
- » Implementar procesos que faciliten a indización de contidos para a súa rápida localización a través de sistemas de busca

11.3 Riscos e recomendacións

- » É necesario xerar e consensuar unha taxonomía común compartida por toda a organización o que pode ocasionar dificultades para poñer diferentes puntos de vista de acordo. Ademais sería convinte permitir o etiquetado con palabras propostas polo propio editor de contido (*folksonomías*)
- » As plataformas tecnolóxicas deben estar preparadas para permitir un etiquetado áxil dos contidos por parte do contribuidores dos mesmos para garantir a súa explotación na creación de sistemas de navegación e localización de información

12 PERSONALIZACIÓN DE PORTAL

12.1 Definición

Unha persoa usuaria (ou perfís máis globais coma empresas, organizacións...) poderían dispoñer de funcionalidades para personalizar a páxina de entrada do portal web segundo as súas necesidades e demandas. O caso máis coñecido no desenvolvemento desta funcionalidade é www.igoogle.com que permite ás persoas usuarias escoller áreas de interese, aparencia ou localización xeográfica.

De calquera xeito o ámbito de maior interese para un cidadán en canto o seu nivel de personalización no contorno da Administración é a capacidade que teña o portal de ofrecer información procedente dos sistemas corporativos, coma a *Sede electrónica*, *Guía do cidadán* ou calquera outro servizo no contorno da Administración electrónica.

12.2 Obxectivos

- » Acadar un portal con maior capacidade de estar encamiñado cara as necesidades e demandas da cidadanía, contextualizando e personalizando os servizos e contidos
- » Lograr que a persoa usuaria poida configurar os contidos e servizos que desexa visualizar, o seu aspecto e a estrutura da páxina

12.3 Riscos e recomendacións

- » É necesario adaptar a plataforma tecnolóxica para que permita dispoñer de funcionalidades básicas e avanzadas de personalización implícita e explícita
- » En función do carácter da información á que se accede e das características dos servizos que se empreguen (e tamén de acordo co disposto na lexislación sobre protección de datos de carácter persoal) identifícanse catro tipos diferentes de requirimentos: servizos accesibles sen necesidade de autenticación (acceso anónimo para o que non haberá ningún tipo de autenticación); personalización de servizos de información con subscrición previa (por exemplo, subscrición a listas de distribución de novidades ou notas de prensa); servizos e contidos cuxa personalización requirirá nome de usuario/a e contrasinal; e personalización de servizos que requiran de sinatura electrónica avanzada ou recoñecida
- » É necesario dispoñer dunha única base de datos de terceiros para ofrecer servizos integrados, independentemente da Consellería ou unidade organizativa que preste o servizo, e que a identificación tamén sexa única para evitar que a persoa usuaria se teña que identificar varias veces para acceder a servizos diferentes



DIRECTRIZ 26

» A creación e desenvolvemento de servizos personalizados, sobre todo os máis avanzados, debe basearse nunha **base de datos única de terceiros**, estrutura que debe ser corporativa e compartida por todos os departamentos da Xunta

13 RESUMO DE SUXESTIÓNS E DIRECTRICES

13.1 Suxestións

Suxestión 1 – Respetto de uso de servizos de participación e cooperación

Débase priorizar a posta en marcha de **servizos de participación e cooperación** dentro da organización, dentro da Xunta, incluso antes da súa posta a disposición da cidadanía

Suxestión 2 – Respetto de informar a unha persoa usuaria os motivos polos cales non se publican os seus comentarios

*Recoméndase informar ao autor/a dun comentario dos **motivos polos cales o seu comentario non vai ser publicado***

Suxestión 3 – Respetto do uso de estruturas estándar de contidos en blogs

*Recoméndase facilitar a lectura dos contidos publicados mantendo as **estructuras estándar deste tipo de publicacións**: títulos significativos, resumo de ideas principais, parágrafos curtos...*

Suxestión 4 – Respetto do uso do galego nos blogs

*Os contidos dun blog deben ser publicados preferentemente en **galego***

Suxestión 5 – Respetto do uso da tecnoloxía mashup

*O uso tecnoloxía mashup é recomendable para a publicación **de datos estruturados e estandarizados***

Suxestión 6 – Respetto do uso de licenzas Creative Commons

*Os contidos multimedia que se publiquen por parte dun departamento da Xunta debería facelo baixo **licenzas Creative Commons***

13.2 Directrices

Directriz 1 – Respetto de servizos de participación de publicación automática

*Os servizos nos que o contido non é aportado libremente pola persoa usuaria (coma enquisas, votacións...) poden ser **automáticos** e non requirir intervención de xestión, control ou monitorización*

Directriz 2 – Respetto de servizos de participación intermediados

*Os servizos nos que as persoas usuarias poden publicar contido propio (comentarios, opinións...) deben ser, en calquera caso **intermediados** ou levar asociado algún tipo de protocolo de control*

Directriz 3 – Respetto dos motivos para non publicar comentarios de terceiros

*Os comentarios deben ser intermediados en canto a súa **pertinencia**, **respetto** e evitando aqueles con **información publicitaria***

Directriz 4 – Respetto da participación en redes sociais

A posta en marcha ou a participación nunha rede social debe implicar, ademais

do **correspondente control e monitorización do contido que apareza**, dun **seguimento e implicación continuada** do departamento que a promova

Directriz 5 – Respecto de evitar a personalización en profesionais individuais

Débese **evitar a personalización** en profesionais ou traballadores/as concretos a participación dunha rede social promovida por unha unidade organizativa

Directriz 6 – Respecto da prohibición do uso da conta de correo corporativa

Está **prohibido empregar a conta de correo electrónico** corporativo para participación a título individual en redes sociais non promovidas pola Xunta

Directriz 7 – Respecto das opinións persoais e as directrices de comunicación do departamento

Débense de **evitar as opinións persoais** e os argumentos e comentarios deben ir liña coa información institucional que se difunda

Directriz 8 – Respecto do tono a usar na participación en redes sociais

O **tono a empregar deberá ser sempre cordial** con especial coidado en escoitar e dar respostas axeitadas ás necesidades da cidadanía

Directriz 9 – Respecto da necesidade de intermediar a participación de terceiros nunha rede social

A unidade organizativa promotora da rede social debe **intermediar** a publicacións dos comentarios ou contidos publicados na mesma

Directriz 10 – Respecto da autorización e visado na participación en redes sociais

A presenza en Facebook, Twitter ou plataformas semellantes dun departamento ou unidade organizativa debe ser **solicitada, visada e autorizada pola Amtega** a través da Oficina Web (oficina.web@xunta.gal)

Directriz 11 – Respecto do uso dunha conta de correo electrónica de contacto

Toda canle dunha rede social debe levar asociada unha conta de correo electrónico propia do dominio xunta.gal. O nome da conta é libre pero recoméndase que sexa xenérica e non nominal (ligada a uns nomes e apelidos concretos)

Directriz 12 – Respecto da actualización permanente dos contidos dun blog

A posta en marcha dun blog debe significar o compromiso de **actualización permanente** ou, en caso de non poderse facer, da súa desaparición

Directriz 13 – Respecto da obriga de cumprir a Directriz 2 nun blog

Se o blog está aberto aos comentarios das persoas usuarias debe cumprir a **Directriz 2**

Directriz 14 – Respecto calidade dos contidos nun blog

A **calidade dos contidos** publicados no blog debe ser garantida do mesmo xeito a como é tratada a información publicada nun portal institucional

Directriz 15 – Respecto do uso de imaxes de acompañamento nun blog

Se se empregan imaxes de acompañamento deben ser **respectuosas** e o contribuidor debe ter os seus **dereitos de publicación** ou ben **estar liberadas** dos mesmos

Directriz 16 – Respetto da calidade do contido nunha wiki

A posta en marcha dunha wiki promovida dende un departamento debe vir acompañada dos mecanismos necesarios para garantir a **calidade do seu contido**

Directriz 17 – Respetto da obriga de rexistro para o uso de marcadores sociais

O uso de marcadores sociais debe estar restrinxido a **persoas usuarias convintemente rexistradas** e debe ser xestionado para evitar usos non axeitados do servizo

Directriz 18 – Respetto do etiquetado de contidos respecto da taxonomía corporativa

O **etiquetado** dos marcadores debe realizarse de acordo coas distintas ponlas da **taxonomía corporativa** da Xunta

Directriz 19 – Respetto de garantir a interoperabilidade de contidos e servizos

Os portais da Xunta deben dispoñer ou permitir o desenvolvemento de **servizos de interoperabilidade** que permitan garantir a funcionalidade de compartir contidos ou servizos con outros portais da rede da Xunta

Directriz 20 – Respetto do uso de servizos de sindicación RSS

Os portais da Xunta deben ofrecer **servizos de sindicación RSS** para contidos estruturados de actualización continuada

Directriz 21 – Respetto do uso de servizos multimedia independentes

Os servizos multimedia que se publiquen nun portal débense **independizar** dos servizos do portal para non sobrecargalo e que perdan funcionalidades para o/a cidadán

Directriz 22 – Respetto do uso de infraestruturas da Amtega para contidos multimedia

Os servizos multimedia que se publiquen nun portal deben, na medida do posible, aproveitar as **infraestruturas horizontais** da Amtega

Directriz 23 – Respetto da autorización na participación en plataformas multimedia

A creación de **contas en plataformas específicas** coma YouTube, Flickr, Slideshare... debe ser visada e autorizada pola Amtega a través da Oficina Web

Directriz 24 – Respetto da categorización dos contidos multimedia baixo criterios semánticos

Os contidos publicados nos portais deben ser **categorizados baixo criterios semánticos** e a través dos termos que forman parte da taxonomía corporativa ou con aqueles que poidan ser integrados na mesma

Directriz 25 – Respetto do uso da taxonomía para contruír sistemas de navegación

A taxonomía propia dun portal debe servir para **construír sistemas de navegación** máis acádidos á persoa usuaria

Directriz 26 – Respetto do uso dunha base de datos de terceiros

A creación e desenvolvemento de servizos personalizados, sobre todo os máis avanzados, debe basearse nunha **base de datos única de terceiros**, estrutura que debe

ser corporativa e compartida por todos os departamentos da Xunta

14 ACCESO E IDENTIDADE GRÁFICA PARA SERVIZOS WEB 2.0

Baixo o concepto web 2.0 apareceron unha serie de aplicacións e recursos na Internet que facilitan a participación da cidadanía. Consideramos decisivo crear un contexto e unha identidade visual compartida para todas esas aplicacións.


A finalidade deste apartado é establecer un conxunto de criterios enmarcados nas normas de identidade corporativa para facer coherente e homoxeneizar a presenza da Xunta nas redes sociais e as aplicacións 2.0

14.1 Acceso a servizos web 2.0 dende portais da Xunta

Os servizos web 2.0 deben complementar a oferta informativa e de servizos que a Xunta ofrece a través dos seus portais web, e viceversa, os servizos web 2.0 deben ser unha ferramenta máis que promova a navegación cara os portais institucionais e de servizos.

Para acadar o obxectivo de promover e facilitar o uso destes por parte das persoas usuarias dun portal, débese habilitar un acceso predominante dende a portada do portal a xeito de banner ou peza gráfica no tamaño e dimensións axeitadas que mellor se adapten ao mesmo e coas seguintes características básicas:


- ↘ Levará incorporado o texto “*Síguenos en...*” ou “*Síganos en...*”
- ↘ Incorporará unha icona identificativa dos distintos servizos que serán ligazóns aos distintos servizos do portal




En páxinas interiores o acceso a redes e servizos debe estar asociado preferentemente ao contido principal que se presenta, de xeito que sexa ese o referente da participación da persoa usuaria:

promoción profesional das mulleres, que son as que maioritariamente seguen acolléndose ás medidas de conciliación ofertadas polas diferentes administracións públicas.

Por todo elo, a Secretaría Xeral da Igualdade quere apoiar economicamente a aqueles traballadores que reduzan a súa xornada laboral por razón da atención dos seus fillos e fillas, entendendo que se trata dunha medida que, indirectamente, favorece tamén o mantemento das traballadoras nais no mercado de traballo.

 Tema: Igualdade

 Departamento: Secretaría Xeral de Igualdade

 Compártao :   

14.2 Principios xerais para o nomeamento dos servizos e/ou canles

A creación de canles específicas supón crear ou adaptar as denominacións dos departamentos, áreas competenciais ou espazos temáticos debidas ás distintas restricións que as distintas plataformas tecnolóxicas de servizos web 2.0 impoñen á hora de creación das


canles. Dende este punto de vista preséntanse as seguintes directrices xerais:

- 1º. Na medida do posible respectar a denominación completa da unidade organizativa ou área competencial á que está asociada a canle do servizo. Por exemplo, empréguese “*Inega*” para unha canle do Instituto Enerxético de Galicia
- 2º. Á hora de aplicar restricións adaptarse, se fora posible, ao dominio do portal ao que se accede á canle do servizo. Por exemplo, empregar “*Cmati*” para un servizo ao que se accede dende o portal corporativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- 3º. No caso de necesitar novas variantes por restricións ou por estar ocupadas as denominacións máis acaídas débese tentar empregar variantes que leven a palabra “*Xunta*” coas palabras ou acrónimos que identifiquen mellor a canle

14.3 Criterios para os identificadores

Sempre no marco do MIC da Xunta atopamos un elemento identificador que propoñemos como uso máis idóneo para a clara identificación da marca “**Xunta de Galicia**” nas redes sociais.


A nivel global:




A nivel departamental:



Identificador visual para determinadas cabeceiras e fondos:



14.4 Referencias do Manual de Identidade aplicadas para este documento



Publicacións e comunicación en medios Xunta de Galicia
Manual de Identidade Corporativa

3.2.2. Medios audiovisuais.

Mesa.
En medios audiovisuais a marca sitúase no zona inferior dereita da pantalla. Utilízase sempre a versión de marca a cor sobre unha pantalla branca para asegurar unha correcta presenza en todos os planos. O ano entre a marca e o límite do modelo branco non cinto toda serie de unidades de anchura do símbolo.
Tamaño mínimo de marca: 20% da anchura total da pantalla.



40% do total de pantalla de ancho de pantalla

Cartela.
A cartela de peche ten que ser igual televisiva como para vídeo institucional, salvo excepción, deberá ser con fondo branco e a marca a cor (que se sitúa centrada na zona esquerda) no centro da pantalla ocupando un 40% do total do ancho da mesma.

Publicacións e comunicación en medios Xunta de Galicia
Manual de Identidade Corporativa

3.1.2. Publicacións doutros organismos públicos.

Exemplo de logo editado por un organismo público dependente da Xunta de Galicia. O logotipo do organismo deberá ser un tamaño inferior ao da Xunta de Galicia (80% aprox.)

Cartela a utilizar de publicacións nos medios audiovisuais, a ser como aparece na pantalla inferior, nunca no exterior.



P59

Publicacións e comunicación en medios Xunta de Galicia
Manual de Identidade Corporativa

5.2. Sinalética básica.

Sinalética interior

Sinalética exterior

Exemplo de sinal de identificación.



Exemplo de sinal de localización.



P74

Convivencia con outras marcas Xunta de Galicia
Manual de Identidade Corporativa

4.2. Xunta de Galicia con outros organismos públicos.

Exemplo de convivencia da marca da Xunta de Galicia con outros organismos dependentes da mesma.

Disposición en horizontal marca Xunta de Galicia e a disposición en dúas liñas para garantir o número de marcas a reproducir como demandado para as disposicións marca única XGA.



Neste caso toda a área dereita por arriba da marca da Xunta de Galicia quedará libre contribuíndo a destacar sobre os demais.

As marcas dos organismos públicos reproducíranse a unha escala igual 80% de altura da marca Xunta de Galicia.



14.5 Uso en blogs da Xunta

As cabeceiras dos blogs da Xunta de Galicia, deberán seguir as seguintes pautas gráficas:



14.6 Uso en contas *Twitter*

Podemos personalizar o identificador e o deseño do fondo. Para o deseño do fondo aplicamos os criterios anteriormente citados.

Para contas globais:



Xunta de Galicia
@Xunta Galicia
 Twitter Oficial do Goberno da Xunta de Galicia
<http://www.xunta.es>

2,987 Tweets | 40 Seguindo | 1,033 Seguidores | 47 Listas

Sigue a Xunta de Galicia en Twitter
 No te pierdas ninguna actualización de Xunta de Galicia. ¡Regístrate hoy y sigue tus intereses!

¿Tienes curiosidad cómo Xunta de Galicia utiliza Twitter?
 Descubre a quién sigue @Xunta

Para departamentos e unidades organizativas:



iMIT
@iMitXunta Santiago de Compostela
 Páxina oficial do Universo iMIT en Twitter. Siguenos tamén en: <http://www.osimga.com/>
<http://www.mancomun.org/> <http://www.facebook.com/iMitxunta>
<http://iMit.xunta.es>

348 Tweets | 58 Seguindo | 459 Seguidores | 34 Listas

Sigue a iMIT en Twitter
 No te pierdas ninguna actualización de iMIT. ¡Regístrate hoy y sigue tus intereses!

¿Tienes curiosidad cómo iMIT utiliza Twitter?
 Descubre a quién sigue @iMitXunta

14.7 Uso na rede social *Facebook*


Para contas globais:



Para departamentos e unidades organizativas:



14.8 Uso en canales de YouTube



The screenshot shows the YouTube channel page for 'Xunta de Galicia'. The main video is titled 'Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro' and has a duration of 4:47. Below the video, there are options for 'Información', 'Favoritos', 'Compartir', 'Listas de reproducción', and 'Marcar'. The video description includes the channel name, upload date (16/05/2011), and view count (10 times).

On the right side, there is a list of recommended videos:

- Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de 10 reproducciones - hace 1 día (4:47)
- 2011 Ano da Música 35 reproducciones - hace 1 mes (1:20)
- Leite Galego 100x100 122 reproducciones - hace 3 meses (0:31)
- Libre de alcohol, libre de preocupacións 86 reproducciones - hace 2 meses (4:05)
- Avenda Dixital de Galicia - 2014.gal 35 reproducciones - hace 3 meses (5:03)
- Galicia, gárdasme o segredo? 80 reproducciones - hace 3 meses (0:46)
- Cidade da Cultura de

At the bottom, there is a section for 'Outras Canles da Xunta de Galicia' with the following data:

Canal	Vídeos	Reproducciones del canal	Suscriptores
Cultura e Turismo	47	1360	21
Canal de Xuventude.Net	74	4384	34
Canal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado	199	31961	475
Xacobeo	6	1332	-
ISSIGA	-	-	-
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	-	-	-

Below the channel list, there is a 'Perfil' section for 'Xunta de Galicia' with the following statistics:

- Nombre: Xunta de Galicia
- Reproducciones del canal: 2094
- Reproducciones totales de vídeos subidos: 2300

14.9 Uso en contas Flickr

Para contas globais:



flickr de YAHOO!

[Inicio](#) [La visita](#) [Crear cuenta](#) [Explorar](#) [Subir fotos](#)

Galería de Xunta de Galicia pro

[Colecciones](#) [Álbumes](#) [Expos](#) [Etiquetas](#) [Personas](#) [Archivos](#) [Favoritas](#) [Perfil](#) [✉](#)



Xunta de Galicia - O conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en Redondela, onde participou na entrega de premios do Concurso-Exposición Letras Galegas 2011

© Todos los derechos reservados
Cargada el 13 de may, 2011
[0 comentarios](#)




Xunta de Galicia - O presidente galego, na rolda de prensa tras o Consello da Xunta

alberto nunez feijoo comparece en rolda de prensa para informar dos asuntos abordados na reunion do consello foto: ana varela

© Todos los derechos reservados
Cargada el 13 de may, 2011
[0 comentarios](#)

Para departamentos e unidades organizativas:



flickr de YAHOO!

[Inicio](#) [La visita](#) [Crear cuenta](#) [Explorar](#) [Subir fotos](#)


No has iniciado sesión [Iniciar sesión](#) [Ayuda](#)

[Buscar](#)

Galería de iMit Xunta de Galicia

[Presentación](#) [✉](#) [f](#) [t](#) [v](#) [Más](#)


[iMit](#) [Álbumes](#) [Expos](#) [Etiquetas](#) [Personas](#) [Archivos](#) [Favoritas](#) [Perfil](#) [✉](#)



Economía e Industria promove a colaboración entre o CESGA e a FPGMX para permitir novos estudos xenéticos I

O Presidente do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e Director Xeral de I+D+i da...


© Todos los derechos reservados
Cargada el 18 de may, 2011
[0 comentarios](#)



Economía e Industria promove a colaboración entre o CESGA e a FPGMX para permitir novos estudos xenéticos II

O Presidente do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e Director Xeral de I+D+i da...

© Todos los derechos reservados
Cargada el 18 de may, 2011
[0 comentarios](#)




O profesor Ávaro Ruibal explica na Casa de Galicia por que a imaxe molecular cambiará ao mundo I

O catedrático de Radioloxía e Medicina Física e xefe do Servizo de Medicina Nuclear...

© Todos los derechos reservados
Cargada el 18 de may, 2011
[0 comentarios](#)

14.10 Uso en contas *Slideshare*

Para contas globais:




The screenshot shows the Slideshare interface for a user named 'Xunta de Galicia'. The profile includes a 'Follow' button, 'Presentations 0', and 'Tags (0)'. The main content area displays a list of presentations under the heading 'flash and ajax (4)'. The presentations listed are:

- Ajax Flash Mistakes**: 3 years ago, 175911 views, 11 comments
- Making Magic Happen: Using Pred...**: 4 years ago, 11107 views, 17 comments
- AJAX vs. Flash: What's right fo...**: 4 years ago, 35274 views, 27 comments
- Game-inspired RIA design**: 4 years ago, 13368 views, 16 comments

Below the list is a search bar with the text 'Search content from Jonathan Boutelle' and a 'Search' button. At the bottom, it shows 'Presentations (46)' and a 'View all' link.

Solar Energy Charity

Para departamentos e unidades organizativas:



The screenshot shows the Slideshare interface for a user named 'Secrería Xeral de Medios'. The profile includes a 'Follow' button, 'Presentations 0', and 'Tags (0)'. The main content area displays a list of presentations under the heading 'flash and ajax (4)'. The presentations listed are:

- Ajax Flash Mistakes**: 3 years ago, 175911 views, 11 comments
- Making Magic Happen: Using Pred...**: 4 years ago, 11107 views, 17 comments
- AJAX vs. Flash: What's right fo...**: 4 years ago, 35274 views, 27 comments
- Game-inspired RIA design**: 4 years ago, 13368 views, 16 comments

Below the list is a search bar with the text 'Search content from Jonathan Boutelle' and a 'Search' button. At the bottom, it shows 'Presentations (46)' and a 'View all' link.

Solar Energy Charity

Para empresas públicas, organismos autónomos e servizos:

slideshare present yourself [HOME](#) [BUSINESS](#) [CHANNELS](#) [EVENTS](#) [BROWSE](#) [UPLOAD](#) [Search](#) [guest!](#) [Signup](#) [Login](#) [All Languages](#) [Get Help](#)

DIRECT DOWNLOAD **PowerPoint Diagrams**
Ready-to-use for Microsoft PowerPoint
www.slideshop.com



Instituto Enxético de Galicia

[Presentations](#) [Documents](#) [Videos](#) [Following](#) [Favorites](#) [Groups](#) [Events](#) [More](#)



Username **xunta**
[Follow](#)

Presentations 0

Tags (0)
No tags yet

flash and ajax (4)



Ajax Flash Mistakes
3 years ago,
175911 views, 11 comments



Making Magic Happen: Using Pred...
4 years ago,
11107 views, 17 comments



AJAX vs. Flash: What's right fo...
4 years ago,
35274 views, 27 comments



Game-inspired RIA design
4 years ago,
13368 views, 16 comments

[Search](#)

Solar Energy Charity

Presentations (46)

[View all](#)